



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS ORGANIZADO POLO CONCELLO DE MUROS NO ENTROIDO DE 2026

Artigo 1. Finalidade e obxecto

Co obxectivo de promover unha das festividades populares máis relevantes da comarca, estas bases reguladoras buscan establecer o réxime de concesión de premios para o Concurso de Comparsas organizado polo Concello de Muros durante o Entroido do ano de 2026.

Artigo 2. Solicitantes/beneficiarias

Poderán participar todas as entidades, grupos de persoas e persoas interesadas que cumpran cos seguintes requisitos:

- Entidades legalmente constituídas: Deberán presentar a solicitude de participación no lugar e prazo establecidos nestas bases, acompañada da documentación requirida.
- Grupos non constituídos legalmente: Será necesario achegar un acordo de constitución da agrupación, os DNI das persoas integrantes, así como a solicitude de participación presentada dentro do prazo e forma establecidos, e a documentación necesaria.
- Persoas a título individual: Deberán proporcionar o DNI, presentar a solicitude de participación no prazo e forma indicados e achegar a documentación requirida.

Artigo 3. Condicións

Establécense tres categorías, segundo o número de participantes:

- Individual: de 1 ou 2 persoas
- Grupos: de 5 a 14 persoas
- Comparsas: 15 ou máis persoas

E dúas categorías complementarias:

- Carrozas: Vehículos sobre rodas, xa sexan autopropulsados ou remolcados, deben estar construídos ou decorados expresamente para o Entroido e contar cun deseño e ornamentación acordes coa temática do grupo ou comparsa. O seu tamaño mínimo será de 2 metros de longo por 1 metro de ancho.

Cada vehículo integrante dunha carroza non poderá superar as seguintes dimensións: 2,5 metros de ancho e 13 metros de longo.

Os vehículos a motor deberán cumprir coa normativa vixente de circulación e, tanto estes como as carrozas, deberán axustarse ás normas de seguridade aplicables. Se algunha grupo ou comparsa incorpora elementos que poidan representar un risco para o público ou persoas participantes, deberá comunicalo á organización no momento da inscrición.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Murgas/Coplas: Composicións satíricas interpretadas cunha estrutura rítmica, cuxas letras combinan humor e crítica para parodiar acontecementos, figuras públicas ou situacións da actualidade.

Os/as beneficiarios/as que resulten premiados/as deberán cumprir os requisitos e as obrigas establecidas nos artigos 13 e 14.c da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4. Procedemento

O concurso de comparsas do Entroido 2026, organizado polo Concello de Muros, desenvolverase a través dun procedemento de concorrencia competitiva. Os premios asignaranse en función dunha clasificación baseada nas puntuacións obtidas, segundo os criterios de valoración establecidos nestas bases.

Toda a información da convocatoria será publicada na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na sede electrónica do Concello de Muros.

A resolución dos premios farase pública tanto no taboleiro de anuncios como na páxina municipal, www.muros.gal.

Artigo 5. Documentación

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, no taboleiro de anuncios da sede electrónica sede.muros.gal ou na páxina web www.muros.gal.

Achegarase tamén a seguinte documentación.

No caso de entidades:

- Solicitud de participación e compromiso responsable de respectar as bases deste concurso, así como no caso de que durante o desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida integramente polas persoas inscritas como participantes no concurso (anexo I).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (anexo I).
- Autorización para a comprobación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Muros (anexo I).
- No caso de participación de menores de idade, autorización do pai/nai ou titor/a (anexo III).
- Copia do CIF.
- Copia do DNI da persoa representante.
- Certificado de número de conta da entidade (IBAN).



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

No caso de grupos non constituídos legalmente:

- Solicitude de participación e compromiso responsable de respectar as bases deste concurso, así como no caso de que durante o desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida integramente polas persoas inscritas como participantes no concurso (anexo I).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei xeral de subvencións (anexo I).
- Autorización para a comprobación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Muros (anexo I).
- Acordo da constitución da agrupación (anexo II).
- No caso de participación de menores de idade, autorización do pai/nai ou titor/a (anexo III).
- DNI das persoas integrantes, nomeando un ou máis representantes.
- Certificado bancario do número de conta da/s persoa/s representante/es a quen se lles ingresará o premio (IBAN).

No caso individual:

- Solicitude de participación e compromiso responsable de respectar as bases deste concurso, así como no caso de que durante o desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida integramente polas persoas inscritas como participantes no concurso (anexo I).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei xeral de subvencións (anexo I).
- Autorización para a comprobación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Muros (anexo I).
- No caso de participación de menores de idade, autorización do pai/nai ou titor (anexo III).
- Copia do DNI.
- Certificado de número de conta da persoa solicitante (IBAN).

Artigo 6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

6.1. Presentación de solicitudes de inscrición:

As inscricións poderanse realizarse a través dos seguintes medios:

- Rexistro xeral do Concello de Muros
- Na sede electrónica municipal (sede.muros.gal)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nas inscricións, cada comparsa ou grupo deberá que nomear unha persoa representante, do que achegarán nome e apelidos, DNI e teléfono de contacto.

6.2. Prazo de presentación:

Dende o día seguinte a súa publicación no BOP ata ás 14.00 h do 11 de febreiro de 2026.

Artigo 7. Condicións do concurso

7.1. Prohibicións:

Non está permitido utilizar animais vivos, elementos pirotécnicos nin inxerir bebidas alcohólicas durante todo o concurso.

7.2. Horario, lugar e horario de presentación, orde de participación e horario de comezo:

Lugar e horario de presentación:

As comparsas, os grupos e as persoas participantes deberán de presentarse na Virxe do Camiño (Muros) o domingo 15 de febreiro de 2026 ás 16:15 h debidamente ataviadas.

A orde de participación será a seguinte:

- Primeiro: Os disfraces individuais
- Segundo: Os grupos
- Terceiro: As comparsas

E dentro de cada categoría a orde será polo número de integrantes, de menor a maior.

Horario de comezo:

O desfile dará comezo ás 17.00 h e contará cun percorrido que vai dende na Virxe do Camiño ata o Curro da Praza e deberá seguir o ritmo e o percorrido que marque a grupo de animación que encabece o desfile.

A actuacións no escenario non poderán exceder os seguintes tempos:

- Na categoría individual: Máximo 5 minutos
- Na categoría grupos e comparsas: Máximo 10 minutos

Toda a música que vaia ser reproducida durante as actuacións no escenario deberá ser enviada previamente ao seguinte correo electrónico: cultura.deportes@muros.gal

Ademais, será necesario achegar unha copia da música nun soporte tipo USB o mesmo día do concurso.

As persoas participantes que contén con coplas ou *murgas* teñen que entregar unha copia antes do comezo do desfile.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

No caso de condicións climatolóxicas adversas, o concurso poderá aprazarse para outra data, previo aviso a todas as persoas participantes.

Artigo 8. Premios

Os premios a outorgar, con cargo á partida orzamentaria 2026/338/48000 con RC número operación 220260000009 de 22 de xaneiro de 2026 por un importe de 3.525,00 €, son os seguintes:

CATEGORÍAS					
	INDIVIDUAL	GRUPOS	COMPARSAS	CARROZAS	MURGAS
1º premio	150,00 €	450,00 €	1.000,00 €	200,00 €	150,00 €
2º premio	75,00 €	200,00 €	500,00 €	100,00 €	75,00 €
3º premio	25,00 €	100,00 €	300,00 €		
4º premio		50,00 €	150,00 €		

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que as persoas participantes non reúnen calidade.

Artigo 9. Resolución dos premios

A concesión dos premios será aprobada por resolución da Alcaldía, vista a acta/proposta do xurado do concurso, composto polos seguintes membros:

- Presidencia: Alcaldía do Concello de Muros ou persoa na que delegue.
- Secretaría: Secretaria municipal ou funcionario/a no que delegue, que participará con voz pero sen voto.
- Vogalías: O/a Concelleiro/a de Cultura ou a persoa en quen delegue, dúas persoas do persoal da Administración e unha persoa convidada vinculada á temática.

9.1. Valoracións

A puntuación das propostas participantes obterase da media das puntuacións de cada membro do xurado valorando os seguintes criterios:

a) *Individuais, grupos e comparsas (máximo 50 puntos):*

Creatividade, idea singular e criterio artístico dos disfraces	10 puntos
Caracterización ou logro ao representar a idea das persoas compoñentes	10 puntos
Desfile, interpretación, graza e simpatía, durante o desfile	10 puntos
Posta en escena e música no escenario	10 puntos
Materiais empregados respectuosos coa tradición e o medio ambiente	10 puntos



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

b) Carrozas (máximo 30 puntos):

Carroza, dificultade do traballo e concordancia co tema	10 puntos
Materiais empregados, respectuosos coa tradición e o medio ambiente	10 puntos
Creatividade, idea singular e criterio artístico das carrozas	10 puntos

c) Murgas (máximo 30 puntos):

Temática	10 puntos
Rima e métrica das estrofas	10 puntos
Simpatía dos/as intérpretes	10 puntos

9.2. Notificación e publicidade da resolución

O fallo do xurado darase a coñecer ao remate das actuacións no escenario. A resolución de concesión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web www.muros.gal no prazo de 10 días naturais, dende a celebración do concurso.

Artigo 10. Xustificación

Será documento xustificativo suficiente a acta do xurado do concurso, debidamente asinada pola secretaría e por todos os seus membros, con indicación da relación de persoas participantes e as puntuacións acadadas por cadansúa.

Artigo 11. Pagamento

Os pagamentos dos premios efectuaranse por transferencia bancaria, no número de conta que indiquen na solicitude, no prazo máximo de un mes despois do concurso, con cargo á partida orzamentaria 2026/338/48000.

Os pagamentos que superen os 300,00 € aplicaráselle a correspondente retención, segundo o regulamento do IRPF.

De conformidade co artigo 11 da Lei xeral de subvencións poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo esta actividade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo á persoa representante.

A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.

Artigo 12. Datos persoais e dereitos de imaxe

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais que se faciliten serán incorporados aos ficheiros dos que é responsable o Concello de Muros, coa finalidade de efectuar os trámites de procedemento administrativo que correspondan, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo a persoa interesada exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, ante a Alcaldía deste concello. A participación nesta convocatoria leva a autorización ao Concello de Muros ou ás persoas físicas ou xurídicas ás que este autorice dos dereitos de explotación das imaxes e gravacións audiovisuais, así como a súa difusión promocional, sen limitación temporal algunha.